



PRAZO DE SOLICITUDES: 26 de marzo a 25 de abril de 2024.



ORDE do 12 de marzo de 2024. DOG do 25 de marzo de 2024



DESTINATARIOS

Alumnado que finalice os estudos de formación profesional de grao superior no curso 2022-2023 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia cunha **nota media** no ciclo formativo igual ou superior a **8,5**.

Non poden solicitar o premio o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dos tres anos anteriores a esta convocatoria.



CARACTERÍSTICAS

Para a concesión dos premios consideraranse os **méritos** presentados polos candidados/as.

Estes méritos deben terse realizado entre o **1 de setembro de 2021** e o **31 de decembro de 2023**.



QUEN PRESENTA A SOLICITUDE?

» ALUMNADO MAIOR DE 18 ANOS OU MENOR EMANCIPADO

Ou ben pode actuar por medio dunha persoa que actúe como representante legal designada para este fin. Recoméndase facer a designación de representante empregando o Modelo xenérico para a **representación** dispoñible na Sede electrónica dentro dos Trámites:

[Sede electrónica](#) > [Trámites](#) > [Modelos xenéricos](#) > [Representación](#)

A documentación que acredite a representación ten que achegarse, firmada dixitalmente, xunto coa solicitude.

Unha persoa menor de idade NON pode presentar directamente a solicitude (agás que estea emancipada).



COMO SE PRESENTA A SOLICITUDE?

» AS SOLICITUDES SÓ PODEN REALIZARSE TELEMATICAMENTE (CHAVE365, DNI ELECTRÓNICO, CERTIFICADO DIXITAL)

A través da aplicación **PremiosEdu**

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>

ou no **código QR**.

Ou a través do formulario normalizado dispoñible na **Sede Electrónica**

Procedemento ED311B

<https://sede.xunta.gal>

É imprescindible cubrir todo o formulario (de ser necesario representante e a súa sinatura, datos para efectos de notificación, declaración responsable, comprobación de datos...)



DOTACIÓN

Concederáse un máximo de **23 premios**, un por cada familia de formación profesional de grao superior implantada na Comunidade Autónoma de Galicia, cunha cuantía de **1.000 € por premio**.

A contía do premio ten a consideración de **rendementos de traballo** a efectos fiscais e está suxeita ás retencións correspondentes.



MÁIS INFORMACIÓN

Toda a información pódese atopar en:

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>

ou no **código QR**.

